

**CONCELLO DE LUGO
ANUNCIO**

O Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2025, aprobou inicialmente a Ordenanza e proxecto para implantación da Zona de Baixas Emisións (ZBE) de Lugo, e que constitúe o seu anexo V, e o sometemento do expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES para a presentación de suxestións e reclamacións.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, queda aberto o trámite de información pública e audiencia referido, que se iniciará a partir do día seguinte hábil ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. As suxestións e reclamacións que, de ser o caso, se formulen deberán dirixírselle ao Excmo. Sr. alcalde do Concello de Lugo, e poderán presentarse nos rexistros e oficinas autorizados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os citados acordos iniciais estarán expostos ao público durante o prazo de citado mediante Edicto no Taboleiro de Anuncios da Corporación, e no portal de transparencia da devandita entidade, para que durante o mesmo prazo os/as interesados/as poidan presentar as suxestións e reclamacións que estimen oportunas. Dita exposición pública anunciarase no Boletín Oficial da provincia de Lugo, comenzando a contar o prazo a partir do día seguinte ao da última destas dúas publicacións referidas; entendéndose como definitivos os acordos provisionais, de non se presentaren reclamacións a aqueles durante dito período, e procederase á súa publicación, comunicación e notificación regulamentarias, e deberase, así mesmo, dar conta ao Pleno da corporación.

O texto íntegro do acordo adoptado pódese atopar no seguinte enlace <https://datosabertos.lugo.gal>.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcalde delegado da área de Mobilidade e Infraestructuras Urbanas- Rubén Arroxo Fernández